



Pilar Rojo agradece o traballo realizado pola Fiscalía

## **O fiscal xefe do TSXG entrega á presidenta do Parlamento a memoria da Fiscalía de 2008**

**Santiago, 30 de xullo de 2009.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recibiu esta mañá ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Carlos Varela, que lle fixo entrega da Memoria 2008 da Fiscalía.

En declaracións aos medios, ao remate da reunión, Rojo Nogueira agradeceu, en nome propio e, sobre todo, no do Parlamento de Galicia, a entrega da Memoria 2008 da Fiscalía.

Se ben aclarou que como presidenta do Parlamento non lle corresponde enxuízar o contido destes informes, Pilar Rojo valorou e agradeceu o traballo realizado desde a Fiscalía, empezando polo fiscal xefe e rematando no fiscal de máis recente incorporación.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA